



Xaneiro 2019 • N° 232



#Sorrisos #Saúde
#Tolerancia #Familia #Amizade
#Felicidade
#Solidariedade #Paz #Prosperidade

Palabras que agardo vos acompañen durante todo o ano 2019!!

Portada: Antía Valle Ledesma (7 anos)
Gañadora do IV Concurso de Tarxetas de Nadal Concello de Vedra

AXENDA PARA O MES DE XANEIRO

AÍNDA NO NADAL...

- Representación teatral “**Puño Puñete**” o 3 de xaneiro.
- **IV Carreira Nocturna Solidaria** o 12 De Xaneiro.

AXENDA DE ACTIVIDADES XANEIRO:

- 19 de xaneiro **nova etapa de sendeirismo** dende A Illa de Arousa ata Vilagarcía.
- 23 de xaneiro, **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**.
- Do 25 ao 28 de xaneiro **campaña de esquí** coa Deputación da Coruña.

FESTIVIDADES LOCAIS

- O calendario de festividades locais do Concello de Vedra para o 2019 é o seguinte:

XANEIRO

L	M	MC	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			


AXENDA ASOCIATIVA PARA XANEIRO

- O 10 de xaneiro remata o prazo para participar do **IX Concurso de Carteis para anunciar Teatrosfilia 2019**, da Asociación Papaventos
- Estrea o 26 de xaneiro do **Ciclo documental Galego de Inverno** da Asociación Senunpeso.
- A Asociación Amigos da Camelia presenta a **XIX Edición do Concurso de Debuxos**.

CALENDARIO MUNICIPAL

- O Concello de Vedra repartiu en cada casa do termo municipal un calendario.

Se non chegou ao teu
domicilio, por favor
ponte en contacto no
981 814 691 e faremos-
cho chegar!!



- Luns 23 de setembro (Festividade do Patio).
- Martes 10 de decembro (Festividade de Santa Baia de Vedra).



NA PRÓXIMA ESTACIÓN

■ Un proxecto multidisciplinar e diferente que tivo como obxectivo principal mostrar dunha maneira orixinal as iniciativas creativas e emprendedoras da xente de Vedra.

Con el o entorno da Estación convertiuse nun ferveiro de actividades e accións creativas, emprendedoras, culturais, de diálogo...



A arte de crear valor de Marca con Mochi Maceira.



Crecemento persoal no ámbito laboral con Dimas Suárez.



Imaxe da Nave da Estación durante o Próxima Estación.



Obradoiro emulando a Luís Seoane con Isa Albela.



Momento creativo dun graffiti de Marcos Nodar.



Música en Vivo... no Próxima Estación



Obradoiro decorativo Bo Nadal de Lupe G. Cabal.



Obradoiro Decoración de Nadal con María Gaitero.



Mesa redonda baixo o título un percorrido cheo de vivencias.



Obradoiro de elaboración de xabóns naturais con Eva Castiñeiras.



Obradoiro de Proxectos Open Source e introdución ás tendas online impartido polo profesor Fou.



Momento do acto inaugural.



Obradoiro de alimentación natural impartido polas labregas especialistas en agroecoloxía Pura Seoane e Conchi Docampo.



Obradoiro de iniciación ao bordado ao aire con Mailo.



Presentación do libro El Vals de las Mariposas de Ana Valín.



Presentación do YouthNest.crea (Erasmus+)



Festival de Corais.



O monográfico decorativo de Nadal.



Visita á Casa do Patrón (Lalín).



Torneo de Nadal de Xadrez en Vedra.

ASÍ FOI... NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS



Cantarelas de Nadal da Asociación San Campio.



Festival de Nadal da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Torneo de Judo de Nadal en Vedra.

XXIV XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ A Asociación Amigos da Camelia do Val do Ulla en colaboración co Concello de Vedra organizan as XXIV Xornadas arredor da Camelia, que este ano lucirán co seu máximo esplendor o día 24 de febreiro en Santa Cruz de Ribadulla.

Estas xornadas enchen de contidos culturais e turísticos os meses de febreiro e marzo con actividades como as mostras, a ruta Btt da Camelia, roteiros... un gran escaparate de contidos sobre a camelia do que podemos adiantar:

19º CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA

1º Poderán concorrer todos os nenos e todas as nenas da nosa autonomía de entre 3 e 12 anos. Habrá 3 categorías:

- A: de 3 a 6 anos.
- B: de 7 a 9 anos.
- C: de 10 a 12 anos.

2º Cada concursante poderá presentar unha única obra, con soporte en cartolina ríxida ou material similar e en tamaño A4.

3º O tema será "A Camelia".

4º A técnica a empregar será libre, recomendándose as ceras, témperas, acuarelas, rotulacións, lapis de cores, etc.

5º Na parte de atrás do traballo figurarán: nome completo do autor ou autora, enderezo, número de teléfono, idade e centro escolar.

6º Os traballos terán que entregarse na Casa do Concello antes do **15 de febreiro de 2019**, no seguinte enderezo:

Concello de Vedra

Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra (A Coruña)

7º O xurado estará formado por membros da Asociación Amigos da Camelia e persoas destacadas do mundo das artes. O fallo do xurado darase a coñecer na semana previa ás Xornadas arredor da camelia e publicárase na páxina web do concello www.concello-devedra.com.

8º Habrá un 1º, 2º e 3º premio para cada categoría.

9º Todos os traballos presentados ao concurso serán expostos en Santa Cruz de Ribadulla o día 24 de febreiro con motivo das Xornadas arredor da camelia.

10º A entrega de premios ás persoas gañadoras terá lugar en Santa Cruz de Ribadulla o día 24 de febreiro.

11º Todas as persoas participantes pola súa mera presentación aceptan integramente as bases deste concurso.

12º A organización reservase o dereito de modificar, eliminar ou agregar calquera punto a estas bases.

As bases do concurso están colgadas na páxina web do concello www.concellovedra.com e na páxina do facebook www.facebook.com/concellovedra

IX RUTA CICLOTURÍSTICA EN BTT DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA. O 3 DE FEBREIRO

■ Deportistas e afeccionados ao deporte de toda a comunidade terán a oportunidade de participar nesta ruta btt que se celebra en torno a programación da camelia, percorrendo as paraxes vedresas ao tempo que practican o seu deporte favorito.

IX Ruta cicloturística en BTT
da Camelia polo Val do Ulla

3 de febreiro de 2019
en Vedra

CAMELIA

Dificultade: media
Ruta non competitiva (42 Km aprox.)
Itinerario alternativo corto (26 Km aprox.)

Saída e chegada:
Pavillón polideportivo de Vedra
Hora saída:
9:30 h.

Límite de prazas:
350
Inscripción:
10 €
Recollida de dorsais
a partir das 8:00 am


Inscripcións ata o 31 de xaneiro ou ata cubrir prazas en
btccamelia.galitiming.com

Logos: Concello de Vedra, Deputación da Coruña, Ramsa, Ulla, FEBRERO, Coca-Cola.

IV CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA

IV CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA XIV CARREIRA POPULAR DE VEDRA II ANDAINA SOLIDARIA

12 de XANEIRO de 2019 Pavillón Municipal de Vedra



CAMPAÑA DE INVERNO EN VEDRA

Vedra participa da Campaña de esquí da Deputación da Coruña, que se desenvolverá nesta ocasión na Estación Invernal de Cabeza de Manzaneda. Contamos con 4 prazas para nenos e nenas de entre 11 e 15 anos (cumpridos a 31 de decembro de 2019) e que estean empadroados/as no concello de Vedra.



- **Datas:** Do 25 ao 28 de xaneiro.
- **Prezo por praza:** 85 € (inclúe transporte, estancia, manutención, monitorado, actividades de esquí, seguros,...)
- **Preinscribete no teléfono 981 814 691 antes do 10 de xaneiro.**

Atención: Se houbese máis solicitudes que prazas concedidas, realizaremos un sorteo público para seleccionar os rapaces e as rapazas participantes nesta campaña.

SENDEIRISMO

- **Ruta "Illa de Arousa a Vilagarcía"**
Data: 19 de xaneiro.

Horarios e puntos habituais de recollida do autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 8:00 h.
- Parada en Lestedo ás 8:10 h.

- Parada no Breixo ás 8:15 h.
- Parada en Hipercor ás 8:20 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8:30 h.

Información e reservas no 981 814 691 antes do 17 de xaneiro.

Educación

VEDRA MEDRA. EN DECEMBO O SOL QUENTA CON TARDURA E POUCO DURA

- **Vedra medra** vai rematando as actuacións previstas para o 2018.

O pasado 27 de novembro estiveron convidados no obradoiro sobre o Entroido tradicional que viñemos desenvolvendo desde outubro veciños e veciñas de San Xián de Sales. Acompañáronnos axudando coa elaboración das cancións de coro, Juan Duarte e dos atranques, Ángela Sánchez. Viñeron contarnos a súa participación como integrantes dos coros de bonito e

de vellos Lourdes Mallo, María Elena Guimarey e Mariluz Turnes. Ata aquí achegáronse tamén dous xeneais veteranos Manuel López e Jesús Amenal, acompañado este último da súa filla Margarita que nos agasallaron co relato das súas experiencias.

O mes de decembro paramos e regresaremos tras as vacacións de Nadal con dúas sesións novas, unha enteiramente destinada a revisar o papel da muller neste festexo tradicional e unha segunda, animadí-

Continúa na páxina 7

sima, na que estarán convocados todas as persoas informantes que nos visitaron. Quizá haxa ademais algunha sorpresa!

Vedra medra finalizará a 1ª parte desta actividade a finais de xaneiro en compañía dos xenerais, correos e coros das parroquias de Vedra, Trobe, San Pedro de Vilanova e San Xián de Sales.

Febreiro será o mes que destinaremos aos ensaios porque con ocasión do Entroido todo o alumnado da ESO vai renderlle unha homenaxe ao *Entroido tradicional do Ulla* participando nunha macrorrepresentación na que estarán presentes todas as figuras que concorren na celebración.

Contamos facer ademais no centro unha exposición de fotografías antigas e de traxes de Entroido.

Co ano 2019 **Vedra medra** abrirá unha nova liña de traballo da man dun proxecto novo “Bótame un capio”, centrado na recuperación dese léxico tradicional parcialmente esquecido ou xa perdido. Este labor encadrarase nun programa de innovación educativa “Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional” que promove a Consellería de Educación e o Instituto da Lingua Galega. A primeiros de xaneiro presentaremos unha *app* propia que servirá como complemento nese traballo de recollida de vocabulario.

Aproveitamos desde Vedra medra para felicitar as festas á comunidade educativa do CPI de Vedra e a toda a veciñanza.

Agardamos que o aninovo chegue con ben para todos. Nós pensamos continuar traballando por UN PATRIMONIO VI

Servizos Sociais

IMSERO. PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2019

■ Un ano mais preséntase este programa para a terceira idade.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viuvez do Sistema da Seguridade Social con 55 anos ou máis.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, do Sistema da Seguridade Social, con 60 anos ou máis.
- Estar asegurado ou ser beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos ou máis.

Tamén é necesario:

- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Poder valerse por sí mesmo para as actividades básicas da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

ESTABLECEMENTOS INCLUÍDOS NO PROGRAMA:

Baños Vello	Santiago de C.	Termas Romanas
Rio Pambre-2	Augas Santas	Arnoia
Molgas-1	Molgas-2	Carballiño
Laías	Lobios	Acuña-1
Acuña-2	Dávila	Caldelas de Tui
Termas de Cuntis	Baños da Brea	Illa da Toxa
Mondariz		

SERVIZOS QUE OFRECE:

- Aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa.
- Tratamentos termais básicos: recoñecemento médico, tratamento termal e seguimento do mesmo.
- Actividades de ocio e tempo libre ofertadas de balde.
- Póliza colectiva de seguro.

Para asistir ás quendas de **FEBREIRO a AGOSTO**, ambos incluídos: deben solicitalo antes do 11 de xaneiro de 2019. Para asistir ás quendas de **SETEMBRO a DECEMBRO**, ambos incluídos: deben solicitalo antes do 17 de maio de 2019.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS do Concello os LUNS, XOVES E VENRES DE 8:30 a 14 horas.



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

DE INTERESE...

Novo horario do Centro Social da Terceira Idade:
De luns a sábado de 18 a 22 h.
Pechado o último sábado de cada mes e festivos.

- **Mercadiño Solidario de Nadal**
Sábado 12 de xaneiro ás 18:00 h. no Centro Social.

- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**
Mércores 23 de xaneiro.
Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)
Programa: pola mañá tratamento termal, xantar, visita e regreso. (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 9 de xaneiro no teléfono 981 814 695. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición)

- **Bingo**
Xoves 31 de xaneiro ás 20:00 h.
- **Obradoiro de Entroido**
Todos os xoves pola tarde no Centro Social.



Entrega de premios no bingo especial de Nadal.



Excursión da terceira idade en decembro.

Para a creación dunha comparsa, preparación de cancións, disfraces...

- **Obradoiro de Teatro**
Creación dun grupo para a montaxe dunha obra de teatro. Anímate e participa! (Pendente de confirmar día e hora, información no centro Social)

- **Liga de Brisca, Tute e Escoba**
Todos os luns a partir das 20:00 h.
- **Comezo de Obradoiro de artesanía (Gratuito):**
Os luns de 18:00 a 20:00 h.

LUDETECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar para traballar a educación para a responsabilidade e a igualdade en todas as actividades.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- "Xogos reunidos" : xogos grupais, cooperativos, de mesa, para caídas....
- "Contacontos: "xogamos en valores"
- Experimentos divertidos : "o profesor chiflado"
- Obradoiro emocional: "Vivamos en Paz", Títeres.
- "Experimentos divertidos"
- Obradoiro "SuperChef":



Visita de Papa Noel á Ludoteca.

- “Mr. Manitas”: cabezudos, costura creativa, globoflexia
- Obradoiro musical

Durante as vacacións de Nadal a Ludoteca a través do proxecto Conxuga de conciliación tendrá o seguinte horario :

- De luns a venres de 8.30 a 14.30 h. excepto festivos
- O resto do mes o horario continuará con normalidade: de luns a xoves de 17.00 a 20.00 h. e venres de 15.00 a 20.00 h.

Anímate e disfruta o Nadal connosco!

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com



Concello de Vedra



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

Muller

VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MULLERES ASASINADAS ANO 2018

54



Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra la violencia de género

Mitos e realidades sobre a violencia contra as mulleres

A sensibilización social ante o problema da violencia contra as mulleres é un factor determinante para a súa erradicación. Analizar as propias ideas, prexuízos e mitos pode ser unha axuda para desterrar formulacións falsas arraigadas na sociedade. Este mes afondamos nesta cuestión e traballáronse con distintos sectores da poboación do Concello de Vedra as seguintes afirmacións:

Mito: *Ocorreu só unha vez, non ocorrerá máis.*

Realidade: A violencia doméstica non é un incidente illado. Normalmente forma parte dun patrón de violencia que irá en aumento.

Mito: *Só certo tipo de homes abusan das súas parellas.*

Realidade: Non existe un tipo de abusador. A idade, constitución, raza, relixión ou forma de ser non son factores determinantes.

Mito: *Os homes que maltratan son enfermos mentais.*

Realidade: Non existe relación causa-efecto entre a enfermidade mental e violencia doméstica. A violencia está motivada por un desexo de controlar e manter o poder sobre a muller.

Mito: *Os homes que asaltan ou abusan das súas parellas son violentos por natureza.*

Realidade: A maioría dos homes que abusan das súas parellas non se mostran violentos fóra do fogar.

Mito: *Os homes que maltratan foron maltratados na infancia.*

Realidade: Non existe evidencia algunha de que exista un ciclo de abuso. A maioría de homes e mulleres abusados na infancia non optan por abusar na idade adulta. É máis, se fose así habería un maior número de maltratadoras.

Mito: *A violencia cara ás mulleres está provocada polo alcol.*

Realidade: Un gran número de homes violentos atacan cando están sobrios. O alcol é unha escusa máis que usan os homes violentos para xustificar as súas accións e non facerse responsables delas.



Mito: *Se fose tan violento, ela denunciaríao antes.*

Realidade: O 46% das mulleres non denuncian a violencia que sofren por medo a represalias, e unha gran maioría porque pensan que non van ser cridas ou tomadas en serio, ou non saben saír da situación dado o seu estado emocional.

Mito: *Algo faría ela.*

Realidade: Non hai escusa para xustificar a violencia.

Mito: *Os homes tamén son agredidos polas súas parellas.*

Realidade: Os arquivos policiais mostran que o 99% da violencia na parella realízaa o home cara á muller.

Mito: *Cando unha muller di non, en realidade quere dicir sí.*

Realidade: Moitos homes cren que as mulleres din non cando desexarían dicir que sí. Pero un home nunca ten dereito a ir en contra dos desexos da muller ou de manter relacións sexuais sen o seu consentimento. Cando unha muller di non, ou non explicita o seu consentimento, significa non.

Mito: *A violación ocorre a mans de estraños.*

Realidade: O 83% das mulleres son violadas por alguén a quen coñecen e en quen confían. O 20% son amigos/noivos e os 33% esposos. O resto son coñecidos.

Mito: *Unha vez que un home está excitado, non pode facer nada por controlar a súa necesidade sexual.*

Realidade: Non hai escusa para xustificar a violación.

Mito: *A muller estaba bébeda/drogada/tiña mala reputación/ vestía provocativa/seduciulle. El deulle o que estaba a pedir.*

Realidade: Estes homes tentan desacreditar á muller á que violan para xustificar o seu delito. Ningunha muller pide ou se “se non es miña non es de ninguén”, “prefiro verte morta que con outro”, “os homes non choran”, “os homes son os que sustentan o fogar”, “as mulleres veñen cun chip para as tarefas da casa”


Iso é xustamente o que tenta derrubar a campaña “Menos Mitos Máis Igualdade”. Inicialmente serán seis os mitos que buscan transformar as crenzas e prexuízos que perpetúan as relacións desiguais e a brecha de xénero dende todo punto de vista entre homes e mulleres.

Mitos que van sumándose de xeración en xeración como: “se non es miña non es de ninguén”, “prefiro verte morta que con outro”, “os homes non choran”, “os homes son os provedores do fogar”, “as mulleres veñen cun chip para as tarefas da casa”, etc, parecen frases inofensivas, pero son a base das violencias e as discriminacións de xénero.

Esta iniciativa tenta poñer freo e derribar eses mitos, polo que convidamos a diferentes personaxes da vida pública e á comunidade en xeral a que contedes as crenzas que vos inculcaron de nenos e nenas, “De nena dixéronme” “De neno dixéronme”

Animamos a toda a cidadanía a que envíen eses comportamentos, crenzas ou prácticas que debemos desmitificar o seguinte enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

Anímate e participa, MenosMitosMáisIgualdade!



Iniciativas Asociativas

XIV CONCURSO DE CARTEIS TEATROFILIA 2019

■ **ÚLTIMOS DÍAS** para participar do XIV Concurso de Carteis para anunciar a XVI Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia.

- **Data límite de presentación**

dos carteis será o xoves 10 de xaneiro.

As bases podes consultalas no facebook da Asoc. Papaventos e na páxina web do Concello de Vedra



CICLO DOCUMENTAL GALEGO DE INVERNO DA ASOCIACIÓN SENUNPESO

■ A Asociación Senunpeso presenta en xaneiro o seu ciclo de cinema documental galego, composto por tres proxeccións que terán lugar durante o inverno de 2019. A proxección encargada de inaugurar o ciclo este mes é a seguinte:

- **Sábado 26 de xaneiro ás 20:00 h. no Centro Social de Vedra.**
- *Homes de xeo. Galegos na Antártida* (2017, 42 min)

O xornalista e realizador audiovisual Carlos Prado Pampín retrata neste documental a vida de tres galegos a bordo do buque Hespérides, unha embarcación da Mariña española que viaxa cada ano á Antártida para realizar diferentes investigacións científicas. Trátase dunha nova visión sobre estas terras inhóspitas do Polo Sur desde a perspectiva do pobo galego e da súa idiosincrasia.

Presentación e coloquio a cargo do director Carlos Prado Pampín.

MARATÓN DE MONTAÑA "A CAMELIA" DO CLUB DE MONTAÑA VÉRTICE O 3 DE FEBREIRO

■ O Club de Montaña Vértice organiza o día 3 de Febreiro unha nova edición da Maratón de Montaña "A Camelia".

Con distancias para tod@s, dando a posibilidade de poder participar nunha proba que crece co paso dos anos:

V Maratón por Montaña: carreira a pe con unha distancia de 42 Kms e un tempo máximo de 7 horas para completala. A saída terá lugar na Área recreativa de Agronovo, con chegada xunto a pavillón municipal de Vedra.

III Trail: carreira a pe con unha distancia de 15 Kms, proba moi axeitada para os que comencan a correr no monte. A saída e chegada será xunto o pavillón municipal, as 11:00 da mañá.

2ª Andaina da Camelia: utilizando o mesmo percorrido do Trail (15Kms),organízase unha andaina para disfrutar da contorna de Vedra.

Para mais información, visitar a paxina de inscricións: <http://trailacamelia.galitiming.com/>

A MANUEL CUTRÍN

■ Polo Premio Porc Dór de prata á fertilidade coa súa granxa Expocutrín.

Galardón entregado na gala da vixesimoquinta edición destes premios "Porc D'or" celebrada en Lleida.



A FRANCISCO COLLANTES

■ Polo premio nos "XXIV Premios Antonio Fraguas de Investigación do traxe galego", ao seu traballo descritivo no seu estudo "Cen pezas do traxe do Val do Ulla", que recolle un centenar de pezas antigas a ambas marxes do río Ulla, nos concellos de Vedra e A Estrada.



Vedra Festeira

FESTAS PATRONAIS EN XAN XIÁN DE SALES

Os días 11, 12 e 13 de xaneiro, na honra a San Sebastián, a Virxe das Dores e San Xián respectivamente.

Xanela da Lingua

A OBRA COMPLETA DA GRAN ROSALÍA DE CASTRO TRADUCIDA AO XAPONÉS

■ Novas como esta que nos chegaba fai uns días dan mostra da grandeza da obra dunha escritora referencia na literatura galega e castelá, que xa podemos considerar universal. O profesor da Universidade de Tsudajuku (Xapón) e referente na promoción da lingua galega no país nipón, Takekazu Asake, acaba de presentar, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, unha edición bilingüe galego-xaponés de Follas Novas. Con esta obra o nipón remata o traballo que comezou fai anos para conseguir a tradución ao xaponés da obra completa de Rosalía de Castro.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.